

COMPETENCIAS CLAVE PARA A APRENDIZAXE PERMANENTE

Desde o proxecto RedeXiana2, e co deseño das actuacións de implementación de itinerarios de inserción preténdese facilitar o conxunto de competencias persoais e profesionais con significación para a inserción laboral, que poderán ser adquiridas tanto mediante formación modular ou por unidades de competencia (*formación específica ocupacional básica*) ou outros tipos de formación (*formación específica ocupacional para a obtención de certificados de nivel 1 e/ou 2*), así como a través da experiencia laboral (*prácticas profesionais en empresas*).

O proxecto incide especialmente na programación de accións que, apoiando a superación das probas de **obtención de competencias clave**, van a situar nunha posición de igualdade de oportunidades ás persoas dos nosos colectivos prioritarios que carecen do nivel ou da formación académica necesaria para participar en procesos de formación ocupacional ou profesional, integrando así a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.

A continuación tes a información contida no Tarxeta Informativa da web <http://traballo.xunta.es/tarxeta-informativa> e no documento dos **criterios específicos** que se establecen para o acceso a cada unha das diferentes accións de formación específica podes atopar as competencias clave precisas para poder inscribirte.

COMPETENCIAS CLAVE PARA A APRENDIZAXE PERMANENTE

¿QUÉ SON AS COMPETENCIAS CLAVE?	<p>Son os requisitos formativos que asegurarán que os alumnos posúen os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento os cursos correspondentes aos novos certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 e 3. Para o acceso dos alumnos aos certificados de profesionalidade de nivel 1 non se esixen requisitos de acceso.</p> <p>Estas competencias clave comprenden un conxunto de contados xerais de formación básica en diferentes áreas de coñecemento.</p>
¿CÁLES SON AS COMPETENCIAS CLAVE?	Lingua galega. Lingua castelá. Linguas estranxeiras. Matemáticas. Ciencia. Tecnoloxía. Dixital.
¿CÓMO PODO DEMOSTRAR QUE POSÚO AS COMPETENCIAS CLAVE?	<p>As competencias clave pódense demostrar de 3 formas distintas:</p> <ol style="list-style-type: none">1. Estando en posesión dalgunha destas titulacións ou acreditacións oficiais:<ol style="list-style-type: none">a. título de ESO para o nivel 2 e Bacharelato para o nivel 3, ou equivalentesb. un certificado de profesionalidade do mesmo nivelc. un certificado de profesionalidade de nivel inferior na mesma familia e área profesionald. para a competencia clave en lingua galega o Celga 3 para o nivel 2, e o Celga 4 para o nivel 3, ou equivalentes2. Superando as probas en competencias clave3. Realizando a formación específica en competencias clave
¿EN QUE CONSISTEN AS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE?	<p>A persoa participante terá que realizar un exame ou proba sobre cada unha das competencias clave nas que realizou a inscrición.</p> <p>O Instituto Galego das Cualificacións, realizará convocatorias públicas de probas de avaliación en competencias clave, que se publicarán no DOG, nas que se establecerán as competencias clave a avaliar, os lugares e prazos para inscribirse, así como as datas e horarios para a realización das probas, as comisións de avaliación e os centros encargados de realizar as probas.</p> <p>Ás persoas que participen nas probas de avaliación en competencias clave expediráselles un documento acreditativo que permitirá o acceso á formación que requira esa competencia clave.</p>